



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVÍA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (Artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro)

Dispón o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro que con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou reglamento, substanciarase unha consulta pública, a través do portal WEB da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación, c) Os obxectivos da norma, d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Preténdese a modificación da actual ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre os bens inmobles co fin de ampliar a bonificación nela contidas sobre a cota íntegra do imposto para os inmobles onde se implante unha nova actividade económica ou empresarial sempre e cando implique a creación de postos de traballo.

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa son evitar o despoboamento do rural e contribuir á fixación de poboación e o aumento de residentes no concello mediante o estímulo da actividade empresarial e o fomento do emprego.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación. É necesaria e oportuna a redacción dunha modificación na ordenanza do IBI que fomenta o asentamento de empresas no concello, fomentando desta maneira un aumento da oferta de emprego dispoñible para os residentes.

c) Os obxectivos da norma son, na medida do posible, evitar o despoboamento do rural a fixación de poboación e o aumento de residentes no concello mediante o estímulo da actividade empresarial e o fomento do emprego.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias. Tras a oportuna reflexión sobre o asunto, considérase que a modificación pretendida resulta ser a solución máis adecuada para os fins que se pretenden.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro sustánciase a presente consulta pública polo prazo de 10 días hábiles a través do portal WEB do Concello de Lousame (<https://www.concellodelousame.gal>)

Lousame, 4 de maio de 2018.

A Alcaldesa.
M^a Teresa Villaverde Pais

